



CONCELLO DE VIGO
CONTRATACIÓN

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 1 DE FEBREIRO DE 2017

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:05 horas do día 1 de febreiro de 2017, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 30 de xaneiro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidentes: D. Francisco Javier Pardo Espiñeira

Vocais: D^a. Susana García Álvarez
D^a. Catalina Alfayate Rodríguez
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela
D. José Ángel Otero Lamas (asiste ao punto 4a e 4b)
D. Rubén Peña Barceló (asiste aos puntos 2a e 3a)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente, procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas

a) Acta da sesión do 25 de xaneiro de 2017

Apróbase a acta da sesión do 25 de xaneiro de 2017 cos votos de D^a. Susana García Calvo, D^a. Catalina Alfayate Rodríguez e D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

2.- Apertura administrativa

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos técnico docentes para o desenvolvemento das actividades físico deportivas do programa de "ximnasia para persoas maiores" (15.315-333)

Ábrese o sobre A "*Documentación persoal*" deste procedemento. Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II:
1. PABLO CASAL NUÑEZ
 2. SENES CIT, S.L.
 3. MACERADA LECER, DEPORTE E CULTURA, S.L.
- b) Outorgar un prazo de tres días hábiles a SERVIPLUSTOTAL, S.L. para que poida



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/06/2024 05:57	Páxina 1 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AE4D-8A54EC-C22DD3-NFKM2G-BVUHCU-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

emendar a documentación presentada segundo o esixido polo prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación.

Concretamente, deberá completar o punto 9b da declaración responsable, en relación coa solvencia técnica, indicando contrato/s de prestacións análogas ás do obxecto do contrato co detalle da institución, contía, ano e breve descrición do servizo executado.

3.- Apertura técnica

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos técnico docentes para o desenvolvemento das actividades físico deportivas do programa de “ximnasia para persoas maiores” (15.315-333)

Non se trata este asunto porque a Mesa acordou no punto 2a conceder un prazo a SERVIPLUSTOTAL , S.L. para a emenda da documentación persoal.

4.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto de servizos de mantemento das instalacións, técnicos, auxiliares e docentes complementarios para o funcionamento das piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e os ximnasiaos das Travesas e o Berbés (14.892-333)

A secretaria comunica aos membros da Mesa que con data do 10 de xaneiro de 2017 se notificou ao licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento, CLECE, S.A., o acordo de clasificación adoptado pola Xunta de Goberno local o 30 de decembro de 2016. A documentación foi presentada o 23 de xaneiro de 2017, dentro do prazo concedido.

Logo do seu exame, a Mesa acorda, por unanimidade, solicitar do Servizo de Deportes que informe, á vista da documentación presentada, se CLECE, S.A. acredita a solvencia técnica esixida para este contrato.

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de limpeza dos colexios públicos e escolas municipais (3815-440)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de limpeza dos colexios públicos e escolas municipais (3815-440)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/06/2024 05:57	Páxina 2 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AE4D-8A54EC-C22DD3-NFKM2G-BVUHCU-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 21 de outubro de 2016 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto, dos servizos de limpeza dos colexios públicos e escolas municipais (3815-440).

Segundo.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 20 de xaneiro de 2017, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir a LACERA SERVICIOS Y MANTENIMIENTO, S.A. do procedemento aberto para a contratación dos servizos de limpeza dos colexios públicos e escolas municipais (3815-440), por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificados no prazo concedido para o efecto.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de limpeza dos colexios públicos e escolas municipais (3815-440) na seguinte orde descendente:

	Empresas	Puntuación
1	MANTELNOR LIMPIEZAS, S.L.U.	84,20
2	SOCIEDAD PARA EL TRATAMIENTO DE AGUAS RESIDUALES, S.L. (STAR, S.L.)	78,96
3	SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA, S.L. (SAMYL, S.L.)	61,81
4	OHL SERVICIOS INGESAN, S.A.	51,82
5	CLECE, S.A.	47,39

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, MANTELNOR LIMPIEZAS, S.L.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.778,07 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/06/2024 05:57	Páxina 3 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AE4D-8A54EC-C22DD3-NFKM2G-BVUHCU-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Terceiro.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, MANTELNOR LIMPIEZAS, S.L., o día 20 de xaneiro de 2017, que presenta a documentación requirida os días 31 de xaneiro e 1 de febreiro, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de contratación na sesión do 1 de febreiro de 2017 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que se acorda, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar MANTELNOR LIMPIEZAS, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por MANTELNOR LIMPIEZAS, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliable mediante xuízo de valor e mediante fórmula do 29 de decembro e do 18 de xaneiro de 2017, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a MANTELNOR LIMPIEZAS, S.L., o procedemento aberto para a contratación dos servizos de limpeza dos colexios públicos e escolas municipais (3815-440) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total do contrato é de 11.323.180,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.965.180,00 euros.*
- b) *Propón no apartado de melloras un total de 216 unidades por importe de*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/06/2024 05:57	Páxina 4 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AE4D-8A54EC-C22DD3-NFKM2G-BVUHCU-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

11.836,80 euros (sen IVE), sendo o importe correspondente ao IVE de 2.485,73 euros, correspondente ao seguinte cadro:

Custos unitarios	Custo/Unidades/IVE	Ud	Total
Contedor 240 lts fracción orgánico	54,80	54	2.959,20
Contedor 240 lts fracción resto	54,80	54	2.959,20
Contedor 240 lts fracción envases	54,80	54	2.959,20
Contedor 240 lts fracción papel cartón	54,80	54	2.959,20

c) *Propón unha bolsa de horas anuais de prestación do servizo sen custo para o Concello, para o desenvolvemento de actuacións de limpeza de carácter extraordinario non recollidas nas obrigas do contrato de 3.100 horas/ano.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

5.- Incidencias

a) Prazo para a emisión do informe do sobre B no procedemento aberto para a contratación dos servizos de estacionamento regulado e controlado na vía pública mediante parquímetros (90514-210)

A secretaria comunica aos membros da Mesa que o 26 de xaneiro se puxo en contacto co xefe da Área de Seguridade para interesarse polo informe do sobre B solicitado por acordo da Mesa o mesmo día no tivo lugar a sesión (28.12.16). Este infórmalle que o informe estará finalizado entre o 15 de febreiro ou primeira semana de marzo ("Al no haber limitado el contenido máximo de las ofertas, y comprobando que algunas son extraordinariamente voluminosas, consideramos necesario ese plazo"). A Mesa toma razón da citada comunicación.

b) Solicitud de ampliación do prazo para a emisión do informe sobre baixas desproporcionadas no procedemento aberto para a contratación do subministro para a reposición de diversos aparellos para o servizo de bombeiros (grupo de aspiración, equipo de excarceración, xerador de corrente e compresor de aire) (4335-213)

A secretaria comunica aos membros da Mesa que con data do 30 de xaneiro de 2017 o xefe do Servizo de Extinción de Incendios solicitou unha ampliación do prazo para a emisión do informe xustificativo da baixa desproporcionada presentada por SIELVIGO, S.L. ("Solicito ampliación de plazo por haberme incorporado recentemente de permiso"). A



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/06/2024 05:57	Páxina 5 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AE4D-8A54EC-C22DD3-NFKM2G-BVUHCU-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Mesa toma razón da citada comunicación.

c) Recordatorio, reconsideración ou adopción, se procede, de acordos en relación coas actuacións da Mesa de Contratación

Examinados pola Mesa de Contratación os acordos adoptados ata o momento en relación coas actuacións deste órgano, esta acorda reconsiderar os acordos adoptados para a súa actualización, acordando, por unanimidade:

A) Deixar sen efecto os seguintes acordos:

- Acordo adoptado na sesión do 4 de outubro de 2011 sobre a negociación a efectuar polos servizos municipais nos procedementos negociados.
- Acordo adoptado na sesión do 27 de xullo de 2011 sobre a delegación na secretaría da Mesa do exame da documentación requirida ao licitador clasificado en primeiro lugar nos procedementos de contratación nos que interveña.
- Acordo adoptado na sesión do 18 de decembro de 2014 sobre delegación na secretaría da Mesa da facultade de solicitar as xustificacións previstas no artigo 152 do TRLCSP.

B) Fixar os seguintes criterios de actuación:

1. Ampliación da orde do día para a inclusión de propostas de adxudicación

Co obxecto de axilizar a tramitación dos procedementos, poderase ampliar a orde do día dunha sesión xa convocada nos supostos de presentación da documentación requirida polo licitador clasificado en primeiro lugar.

2. Prazo para a emisión de informes

En uso das facultades que lle confire o artigo 160 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP), a Mesa de Contratación, para a valoración das proposicións, así como para verificar que as ofertas cumpren coas especificacións técnicas do prego, poderá solicitar informes técnicos aos diferentes servizos municipais.

Na solicitude indicárase que dispoñen dun prazo de dez días para a súa emisión, segundo o previsto no artigo 80.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. No entanto, cando a complexidade do procedemento ou a concorrencia doutras circunstancias fagan imposible a súa emisión en prazo, o servizo deberá comunicalo á Mesa e informarlle sobre o prazo estimado para a súa emisión, debendo ter en conta os prazos máximos de adxudicación sinalados no artigo 161 do TRLCSP (no caso de procedementos nos que se valore un único criterio, quince días a contar desde o seguinte ao da apertura das proposicións e no caso de que se valoren unha pluralidade de criterios, dous meses, agás que se fixase outro prazo no prego de cláusulas administrativas



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/06/2024 05:57	Páxina 6 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AE4D-8A54EC-C22DD3-NFKM2G-BVUHCU-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

particulares).

A secretaría da Mesa deberá dar conta semanalmente dos procedementos nos que se solicita unha ampliación de prazo, así como daqueles que exceden do prazo máximo fixado para a emisión dos informes.

3. Deber de gardar sigilo sobre a documentación que se achega coa convocatoria das sesións da Mesa de Contratación

Para os efectos de garantir a confidencialidade sobre a documentación que se achega coa convocatoria das sesións da Mesa de Contratación, a Mesa acorda que coa convocatoria das sesións se lembre aos seus membros de cumprir cos seus deberes:

Artigo 16.3 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais: *Os membros da Corporación teñen o deber de gardar reserva en relación coas informacións que se lles faciliten para facer posible o desenvolvemento da súa función, singularmente das que han servir de antecedente para decisións que aínda se atopen pendentes de adopción, así como para evitar a reprodución da documentación que poida serlles facilitada, en orixinal ou copia, para o seu estudo.*

Artigo 52 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público: *Os empregados públicos deberán desempeñar con dilixencia as tarefas que teñan asignadas e velar polos intereses xerais con suxeición e observancia da Constitución e do resto do ordenamento xurídico, e deberán actuar de conformidade cos seguintes principios: obxectividade, integridade, neutralidade, responsabilidade, imparcialidade, confidencialidade, dedicación ao servizo público, transparencia, exemplaridade, austeridade, accesibilidade, eficacia, honradez, promoción do contorno cultural e medioambiental, e respecto á igualdade entre mulleres e homes, que inspiran o Código de Conduta dos empregados públicos configurado polos principios éticos e de conduta regulados nos artigos seguintes.*

Para tal efecto, nas convocatorias das sesións da Mesa deberá incluírse o seguinte texto:

“Os membros da Mesa de Contratación deberán facer un uso responsable da información facilitada neste correo, garantindo a súa confidencialidade de conformidade cos artigos 16.3 do ROF e 52 do EBEP”.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 11:15 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

O presidente da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/06/2024 05:57	Páxina 7 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AE4D-8A54EC-C22DD3-NFKM2G-BVUHCU-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/06/2024 05:57	Páxina 8 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AE4D-8A54EC-C22DD3-NFKM2G-BVUHCU-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		